



LISTA DE ASISTENTES

Cabeza Pereiro, M^a Carmen
 Carballo-Calero Ramos, M^a Victoria
 Cidrás Pidre, José
 Costas González, Xosé Enrique
 De Vicente Remesal, Javier
 Docampo Amoedo, Domingo
 Domínguez Castro, Luis
 Durany Castrillo, José
 Estévez Toranzo, Margarita
 Gago Rodríguez, Alberto
 Filgueira Pérez, Ángeles
 Gálvez Gálvez, Juan Francisco
 Gil Villanueva, José M^a
 Gómez Gude, Jorge Juan
 González Novas, Roberto
 Gueimonde Canto, Ana Isabel
 Hernández Sánchez, Jesús
 Iglesias Randulfe, M^a Teresa
 Legido Soto, José Luis
 Martínez Cobas, Xavier
 Mato De La Iglesia, Salustiano
 Mazaira Castro, Andrés
 Membiela Iglesia, Pedro
 Ramos Cabrer, Manuel
 Rubiños López, J. Óscar
 Sánchez Bello, Patricio A.
 Sánchez Bermúdez, Ángel
 Tojo Suárez, José E.
 Valero Gutiérrez Del Olmo, Enrique
 Vázquez Vázquez, Amador

Acta da sesión extraordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, de 24 de abril dous mil tres, convocada para as 10:30 horas en primeira convocatoria e ás 11:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da E.T.S de Enxeñeiros de Telecomunicación

O xoves, día 24 de abril de de 2003, ás 11:10 horas, deu comezo a sesión extraordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

PUNTO ÚNICO: Debate sobre o Documento-Marco do MECD “ La integración del Sistema Universitario Español en el espacio europeo de Enseñanza Superior “.

O Rector informa sobre o calendario previsto polo MECD.

- Ter o borrador a mediados do mes de maio e o Decreto en xullo ou setembro.

- A continuación empezar o traballo de definición do Catálogo de Títulos para comezar o debate sobre as directrices xerais dos mesmos. É posible que isto ocupe todo o ano 2004.

- A intención do Ministerio e poñer en marcha algún título novo no mes de outubro de 2004 como experiencia piloto.

Sobre o documento marco presentado polo MECD informa que está moi pactado coa CRUE o que indica que neste caso hai unha posición de diálogo Ministerio-CRUE.

Así mesmo informa que a Dirección Xeral de Universidades en Madrid está a preparar un borrador de Decreto sobre como repercute a nova estrutura de créditos no profesorado.

Di que lle interesa saber si a Universidade de Vigo ten algunha suxerencia sobre este documento. Ábrese un turno de intervencións.

O profesor Legido pregunta se vai a haber un catálogo europeo de títulos, se o catálogo de títulos no estado español vai a estar adaptado ó europeo, se vai haber un catálogo de masters, se o estado español vai a facer algo moi parecido o que hai fóra ou non, etc.

O Rector di que Europa non pode impoñer condicións xa que o proceso e máis unha invitación que unha orde. Hai unha declaración de que debemos ir hacia unha estrutura de grao e posgrao cunha duración probablemente de 3 ou 4 anos para o primeiro e 1 ou 2 para o segundo, e sempre que se esté dentro dese esquema haberá unha homologación dos títulos.

Non haberá un catálogo de títulos europeos e si haberá un catálogo de títulos españois. No catálogo de masters é onde haberá maior liberdade.

Di que o documento marco indica que se deberá tender a unha maior simplificación no catálogo de títulos.

O profesor Valero di que nos colexios profesionais se está a producir un debate sobre as competencias lexisladas dos Enxeñeiros Superiores e dos Enxeñeiros Técnicos e pide algunha información sobre este tema.

O Rector sinala que o debate máis problemático e o relacionado coas enxeñerías pero que pouco a pouco van resolvéndose os atrancos e que a Politécnica de Madrid é a máis reticente .

O profesor Membiela pregunta que vai a pasar co tema das especialidades, os segundos ciclos, si vai haber catálogo de posgraos, etc.

O Rector di que en relación ás especialidades haberá que ver se interesa manter títulos amplios ou ben títulos cunha especialización moi clara. En relación cos segundos ciclos nalgún caso se converterán en estudos de grao e outros en estudos de master.

O profesor Cidrás informa das conclusións as que chegou a comisión académica do seu centro respecto a este tema:

- A duración na titulación de enxeñería deberá de ser de 4 anos e a do master de 2.
- Ven positivo abrir as nosas titulacións ó mercado laboral europeo.
- As titulacións de enxeñería deberían permitir a mobilidade dos estudantes a nivel europeo.
- O posgrao debería ser totalmente aberto e flexible, etc.

O profesor Domínguez quere coñecer a postura institucional da Universidade de Vigo en relación de si a implantación destas medidas vai a ir máis ou menos rápida e pregunta cómo se accedería os masters.

O Rector di que a actitude da institución será a que se decida nos órganos de goberno, e a súa opinión como Rector é que lle gustaría que a Universidade de Vigo se incorporase con axilidade á reforma.

En relación cos Masters di que os títulos deberán indicar os requisitos e cre que é necesaria máis flexibilidade que a que hai agora.

O profesor Legido intervén de novo para preguntar si toda a ensinanza superior vai a ser universitaria.

O Rector di que según o documento marco presentado toda a ensinanza superior é nas universidades.

O profesor Surís pregunta si vai haber para cada título directrices que fixen os créditos en 180 ou 240 si sae a proposta b) e como vai a ser a articulación master-doctorado.

O Rector di que sobre este tema xa houbo bastante debate e no anexo que está a disposición dos membros do Consello de Goberno xa se informa sobre isto.

Respecto o Doutoramento tanto o Consello de Coordinación Universitaria como a CRUE opta pola opción c) do documento marco.

O profesor Tojo di que o documento marco presentado está bastante pechado polo que hai poucas posibilidades de incluír modificacións e o que teremos que facer e ver como nos adaptamos a el.

aPregunta se se pensou algo sobre a reestructuración de centros e titulacións que vai significar a simplificación no catálogo de titulacións.

O Rector di que debater sobre titulacións sen ter previamente un catálogo de títulos e difícil aínda que hai algúns casos que si se podría avanzar algo como por exemplo en como nos gustaría que quedara Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, as titulacións de Maxisterio, as de Ciencias da Saúde que son adscritas, etc.

E non habendo mais asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:45 horas do día 24 de abril de 2003 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Rector

O Rector

A Secretaria Xeral

Domingo Docampo Amoedo

M^a Teresa Iglesias Randulfe